

EPAPU Eduardo Pondal. Curso 2023-2024

Guía Didáctica Grego I - Bacharelato Semipresencial

Departamento de Grego e Latín. Prof.: M^a Agustina Castro Vilar

A presente guía pretende ser un instrumento para facilitar ao alumno o percorrido pola materia, de modo que poida seguila para acadar un resultado positivo. Pode que sexa preciso facer algunha modificación nela ao longo do curso, tendo en conta a heteroxeneidade do noso alumnado e a entrada en vigor do novo currículo da LOMLOE.

É moi importante a asistencia a clase regularmente, xa que facilita avanzar e comprender mellor os contidos. Ademais, o alumno ten que traballar pola súa conta 2-3 horas semanais (ou aquelas que sexan imprescindibles) para aplicar e reforzar os coñecementos adquiridos.

O alumnado poderá resolver dúbidas nas titorías de orientación de xeito presencial.

1. METODOLOXÍA.

A materia de Grego I forma parte das materias de opción do Bacharelato de Humanidades. A través da aprendizaxe da lingua, a cultura e a civilización gregas, a materia de Grego permite unha reflexión profunda sobre o presente e sobre o papel que o humanismo pode e debe desempeñar ante os retos e desafíos do século XXI. Esta materia contén, ademais, un valor instrumental para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, filosofía, política ou ciencia, capacitando o alumnado que a cursa, non sendo unha materia obrigatoria, para ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos, proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos, e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado.

A materia de Grego I, como calquera outra do currículo do Bacharelato semipresencial, conta cunha sesión semanal de asistencia obrigatoria, que recibe o nome de **titoría lectiva**, xa que é aquela na que se abordan as explicacións teóricas da unidade que corresponda en cada momento do curso.

Estas sesións semanais complementáanse cunhas **titorías de orientación (2)** as que xa fixemos mención na introdución.

2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- **Diccionario Grego- Español.** Diccionario bilingüe Vox. Imprescindible para a realización das tarefas do curso e para levar ao exame.
- **Apuntes proporcionados polo profesor.**
- **Aula Virtual da EPAPU Eduardo Pondal.**
- **Web:** www.viamedia.es (no apartado “Grego”, subapartado “Ejercicios interactivos”): servirá de gran axuda para o reforzo práctico da gramática grega no estudo autónomo do alumnado.
- **Recursos bibliográficos.** O centro dispón de biblioteca, na que ademais da consulta e préstamos de libros, revistas, etc., dispónse de conexión a internet que o alumnado pode utilizar como apoio didáctico.

3. CONTIDOS.

O contido da materia de Grego I está **organizado nunha serie de bloques** que abranguen tanto **aspectos lingüísticos como culturais**, tendo en conta que ambos aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado heleno na súa verdadeira dimensión.

Bloque 1: Comprensión e interpretación dos textos.

a) Unidades lingüísticas da lingua grega:

- Alfabeto, prosodia e signos gráficos da lingua grega clásica. Aproximación ás principais leis fonéticas.
- Clases de palabras.
- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).
- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.

- Formas nominais do verbo.

b) A tradución: técnicas, procesos e ferramentas:

- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

c) Destrezas comunicativas do uso da lingua grega:

- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento

léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).

- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicación, etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

Bloque 2: Grego e plurilingüismo.

- a) Sistemas de escritura ao longo da historia.
- b) O alfabeto grego: a súa historia e influencia posterior. Regras de transcripción do alfabeto grego ás linguas do repertorio do alumnado.
- c) Do indoeuropeo ao grego. Etapas da lingua grega.
- d) Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.
- e) Léxico:
 - Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
 - Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
 - Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
 - Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
 - Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- f) Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- g) Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

- h) Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- i) Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.
- j) Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.

Bloque 3: A antiga Grecia.

- a) Xeografía da antiga Grecia: topografía, nome e función dos principais sitios. Viaxeiros ilustres.
- b) Historia:
 - Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os séculos VIII a. C. e V d. C.
 - Lendas e principais episodios históricos.
 - Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa.
- c) Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense.
- d) Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller.
- e) Influencias da cultura grega na civilización latina.
- f) A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- g) Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).
- h) O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.
- i) A importancia do discurso público para a vida política e social.

Bloque 4: Legado e patrimonio.

- a) Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.
- b) A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.
- c) Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e

- restauración.
- d) As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.
 - e) As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.
 - f) As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
 - g) A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.
 - h) Principais obras artísticas da Antigüidade grega.
 - i) Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS.

A distribución de contidos por avaliacións será a seguinte:

1ª AVALIACIÓN: 10/12 sesións.

Contidos do BLOQUE 1 (“Comprensión e interpretación dos textos”):

O alfabeto grego. Clasificación dos fonemas gregos. Signos gráficos do antigo grego. Pronunciación do grego antigo. Pronunciación do grego moderno.
Concepto de lingua flexiva. Clases de palabras. Estrutura das palabras. Concepto de declinación e de conxugación. Enunciados do sustantivo e do verbo.
Funcións dos casos gregos.
O artigo: declinación. Usos do artigo.
Morfoloxía nominal: A 1ª declinación (temas en alfa). A 2ª declinación (declinación temática).
Morfoloxía nominal: Clasificación xeral dos adxectivos. Adxectivos da 1ª clase. Formación de adverbios.
Pronomes-determinantes: Os demostrativos.
Morfoloxía verbal: Presente e imperfecto de indicativo en voz activa dos verbos temáticos. Mesmos tempos do verbo εἶμί.
Morfoloxía verbal: Concepto de voz media. Presente e imperfecto de indicativo en voz media dos verbos temáticos.
Morfoloxía verbal: O infinitivo.

Sintaxe: A concordancia.
Sintaxe: As oracións de infinitivo.

Contidos do BLOQUE 2 (“Grego e plurilingüismo”):

Historia do alfabeto grego e a súa influencia posterior.
Do grego ao indoeuropeo. Etapas da lingua grega.
Léxico (I).
Derivación e cultismos (II).
Familias de palabras.
Grego moderno: Expresións cotiás (cortesía, saúdos).

Contidos do BLOQUE 3 (“A antiga Grecia”):

Xeografía da antiga Grecia. Zonas de influencia.
Etapas da civilización grega: época minoica, época micénica, época arcaica.
Etapas da civilización grega: época clásica (Guerras Médicas, Pentecontecia, Guerra do Peloponeso).
Etapas da civilización grega: o helenismo.

Contidos do BLOQUE 4 (“Legado e patrimonio”):

Lugares da antiga Grecia que aínda se poden visitar.
Influencia dos grandes persoeiros da historia de Grecia no mundo posterior.
Topónimos gregos que aínda se manteñen hoxe.

2ª AVALIACIÓN: 9 sesións.

Entran TODOS OS CONTIDOS DO BLOQUE 1 da 1ª avaliación.

Materia nova:

Contidos do BLOQUE 1 (“Comprensión e interpretación dos textos”):

Morfoloxía nominal: A 3ª declinación (declinación atemática): temas en consoante (en oclusiva, en nasal, en -ντ, en líquida e en silbante).
Morfoloxía nominal: A 3ª declinación (declinación atemática): temas en vocal suave, e temas en ditongo.

Morfoloxía nominal: Adxectivos da 2ª e da 3ª clase. Principais adxectivos irregulares.
Pronomes-determinantes: Indefinido e interrogativo.
Pronomes-determinantes: O relativo.
Pronomes-determinantes: Pronomes persoais e anafórico. Pronomes-determinantes posesivos.
Morfoloxía verbal: Presente e imperfecto en voz activa e media dos verbos contractos.
Morfoloxía verbal: Futuro de indicativo en voz activa e media. Futuro do verbo εἰμί.
Morfoloxía verbal: O aoristo. Aoristo sigmático en voz activa e media.
Morfoloxía verbal: O aoristo. Aoristo temático en voz activa e media. O aoristo do verbo εἰμί.
Morfoloxía verbal: Estudo do aumento.
Morfoloxía verbal: O participio.
Sintaxe: Oracións de relativo.
Sintaxe: Oracións de participio.
Sintaxe: Valores do xenitivo e do dativo.
Sintaxe: Oracións subordinadas sustantivas.

Contidos do BLOQUE 2 (“Grego e plurilingüismo”):

Prefixos gregos e a súa pervivencia nas linguas da contorna.
Sufixos gregos e a súa pervivencia nas linguas da contorna.
Composición de palabras.
Grego moderno: Datos persoais. Presentacións.

Contidos do BLOQUE 3 (“A antiga Grecia”):

Modelos de sociedade en Atenas e Esparta: clases sociais.
A muller na antiga Grecia: o matrimonio e a vida de casada.
A educación en Grecia: modelos de Esparta, Atenas e o helenismo.
Institucións políticas en Atenas e Esparta. A democracia ateniense.
Ocio, festas e deporte na antiga Grecia.

Contidos do BLOQUE 4 (“Legado e patrimonio”):

Reflexión crítica sobre os modelos de sociedade en Atenas e Esparta, e a súa influencia na sociedade actual.
Reflexión crítica sobre o estatus da muller na antiga Grecia, e comparación coa situación na sociedade actual.
Reflexión crítica sobre os modelos educativos na antiga Grecia, e comparación coa situación na sociedade actual.
Reflexión crítica sobre os modelos de ocio, festa e deporte na antiga Grecia, e comparación coa sociedade actual.

3ª AVALIACIÓN: 8/9 sesións.

Entran TODOS OS CONTIDOS DO BLOQUE 1 da 1ª e da 2ª avaliacións.

Materia nova:

Contidos do BLOQUE 1 (“Comprensión e interpretación dos textos”):

Morfoloxía nominal: Os graos do adxectivo: comparativo e superlativo. Principais comparativos e superlativos irregulares.
Pronomes-determinantes: Os numerais. Cardinais e ordinais.
Morfoloxía verbal: Os modos verbais. Imperativo, optativo, subxuntivo.
Morfoloxía verbal: O perfecto. Perfecto nos verbos contractos. Perfecto aspirado. Perfecto radical. A reduplicación. O perfecto do verbo εἶμί.
Morfoloxía verbal: A voz pasiva no futuro e no aoristo.
Sintaxe: As oracións subordinadas condicionais.
Sintaxe: As oracións subordinadas adverbiais.
Sintaxe: A oración pasiva. O complemento axente.

Contidos do BLOQUE 2 (“Grego e plurilingüismo”):

Transcrición dos nomes propios do grego ao castelán e galego.
Grego moderno: Pedir axuda. Rótulos máis frecuentes.

Contidos do BLOQUE 3 (“A antiga Grecia”):

A relixión grega. Terminoloxía grega do cristianismo.
A mitoloxía. Deuses e heroes. Ciclos míticos: Ciclo de Argos, Tirinte e Micenas; Ciclo Tebano; Ciclo Argonáutico; Ciclo Troyano.

A arte e o urbanismo en Grecia: etapas e obras máis representativas.

Contidos do BLOQUE 4 (“Legado e patrimonio”):

Reflexión sobre a influencia da relixión grega no mundo actual.

Influencia da mitoloxía grega no mundo actual.

Puntos de interese cultural (restos arqueolóxicos, festivais ou museos) que se poden visitar hoxe, relacionados co teatro e a arte da antiga Grecia.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Coñecer o alfabeto grego e saber atopar palabras no dicionario.
- Coñecer os casos gregos e a súa función. Recoñecer os enunciados das 3 declinacións.
- Identificar os elementos da flexión nominal (as 3 declinacións, os tipos de adxectivos e os principais pronomes-determinantes).
- Recoñecer os diferentes tipos de verbos gregos.
- Identificar as desinencias verbais activas, medias e pasivas, así como as características temporais-modais dos verbos.
- Realizar traducións de oracións de dificultade progresiva, identificando os elementos morfosintácticos e comparalos cos das linguas coñecidas.
- Coñecer e identificar en frases/textos de dificultade progresiva os diferentes tipos de oracións simples e compostas (coordinadas e subordinadas).
- Recoñecer a orixe grega morfolóxica e semántica no léxico das linguas galega e castelá e detectar os principais elementos produtivos en derivación e composición.
- Coñecer o significado dos helenismos máis frecuentes en castelán e galego.
- Coñecer e identificar os principais fitos da civilización grega, as institución, clases sociais e costumes, e a súa pervivencia no mundo actual.
- Coñecer e identificar as principais manifestacións culturais de Grecia (arte, urbanismo, relixión, mitoloxía, filosofía, política, etc.), e a súa pervivencia no mundo actual.

6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

EXAME: O alumnado realizará un mínimo de 1 exame escrito por avaliación. A proba consistirá nunha serie de preguntas sobre o Bloque 1 (gramática) e o Bloque 2 (léxico, helenismos, derivación e composición, expresión en grego moderno). No exame haberá sempre un apartado adicado á análise morfosintáctica e tradución dunha frase ou texto breves. Este exame suporá o 80% da nota da avaliación.

IMPORTANTE: para que se puntúe favorablemente a análise morfosintáctica e a tradución, teñen que coincidir e estar ben os dous. É dicir, non contará nada unha tradución se non coincide coa análise ou ao revés.

TRABALLO: O 20% da nota restante procederá da lectura, resumo e actividades do libro *Mitos griegos* de Maria Angelidou, editorial Vicens Vives. O traballo deberá seguir unha pauta establecida previamente pola profesora. En principio, entregarase por escrito e nas datas previstas. Non se recollerá ningún traballo fóra de prazo. A nota dun traballo non presentado cualificarase con 0 puntos.

Para poder ter en conta a nota do traballo, haberá que acadar un mínimo de 4 puntos (o 40% da cualificación) na nota do exame escrito.

SOBRE A CUALIFICACIÓN: Non se redondeará á alza a nota con decimais. De ser o caso, os decimais acumulados teranse en conta para redondear á alza a nota final (avaliación ordinaria), sempre que os decimais sexan iguais ou superiores a 0,5 (por exemplo, non contará nada o 0,4 se temos un 5,4 nalgunha avaliación, pero sí contará o 0,5 se temos un 5,5 nalgunha avaliación). O redondeo será dun máximo de 1 punto sobre a cualificación obtida na avaliación ordinaria.

AVALIACIÓN CONTINUA: Ao ser avaliación continua, se un/unha alumno/a suspende unha avaliación, quedaralle recuperada de xeito automático se aproba a seguinte. A 3ª avaliación é a avaliación ordinaria, polo que o alumnado que a suspenda poderá superala na avaliación extraordinaria. A nota final do curso será a da avaliación ordinaria.

PROBA EXTRAORDINARIA: Esta proba extraordinaria consistirá nun exame escrito, cun 80% da cualificación sobre todos os contidos dos Bloques 1 e 2, máis un 20% da cualificación sobre preguntas breves ou test (segundo determine previamente a profesora) dos contidos dos Bloques 3 e 4. Poderán presentarse a esta avaliación extraordinaria os/as alumnos/as que non superen a avaliación ordinaria, e aqueles que perderan o dereito á avaliación continua por ter superado

o máximo de faltas de asistencia sen xustificación.

Non se considerará aprobada a avaliación con menos de 5 puntos.

Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares). Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas obterán a cualificación de 0 puntos.

INCIDENCIAS: O alumnado que, por algunha razón xustificada, non puidera presentarse a algún exame poderán realizalo dentro dos prazos establecidos. Será obrigatorio presentar xustificación documental á titora do grupo e comunicalo dentro dos prazos establecidos.

7.MÍNIMOS ESIXIBLES.

O alfabeto grego.
Nome e valor dos casos gregos.
As 3 declinacións.
Os adxectivos da 1ª, 2ª e 3ª clase.
O verbo εἶμί en indicativo.
O modo indicativo en voz activa, media e pasiva dos verbos temáticos e contractos.
Pronomes persoais e demostrativos. O pronome relativo.
Infinitivos e participios.
Helenismos máis frecuentes.
Prefixos e sufixos de orixe grega máis frecuentes.
Principais expresións de uso cotiá en grego moderno.
Esquema xeral da civilización grega.
Principais aspectos do legado de Grecia na sociedade actual (política, cultura, arquitectura, escultura, mitoloxía).

A Coruña, 14 de setembro de 2023